

Esta é a nosa campaña electoral

17 de novembro

xornada en defensa do ensino público!



Non ós recortes!

Si hai diñeiro, téñeno os banqueiros!

Sindicato de Estudiantes

Nos dous últimos meses os ataques contra o ensino público non pararon de sucederse en todos os tramos educativos. O curso iniciouse co despedimento masivo de profesorado interino de secundaria en Galiza, Madrid, Castilla - La Mancha e Navarra, que poderían supor a saída de máis de 1.000 profesores en Galiza e de 15.000 en todo o Estado. Mentres o diñeiro público utilízase para subvencionar escandalosamente o ensino privado-concertada.

A estes ataques sumáronse nas últimas semanas outros contra a universidade pública que, por agora, concréntanse do seguinte xeito: En Compostela a USC aprobou o endurecemento das normas de permanencia (obriga de matricularse de todas as asignaturas non aprobadas de cursos anteriores, o feito de que agora corre convocatoria aínda que non te presentes ó exame, entre outras medidas); en Andalucía preténdese aprobar unha reforma que anticipa a eliminación das carreiras que non sexan "rendibles", á vez que se imporán multas a aqueles estudantes que non aproben en primeira opción cada materia, de tal forma que podería encarecerse ata os 1.000 euros a matriculación nunha única materia; en Catalunya, o goberno de CIU aumentou un 7,4% as taxas, recórtanse 144 millóns de orzamentos ás universidades, un 16% de media; os sindicatos calculan que os recortes levarán por diante 2.000 prazas de docente e uns 500 empregos de PAS; na Comunidade de Madrid, os orzamentos das universidades públicas en partidas tan importantes como a de investimento víronse reducidos en máis dun 70% nos últimos tres anos.

Todos estes ataques son o resultado dunha mesma intención política. Facer que sexamos as familias traballadoras as que paguemos as consecuencias dunha crise que non provocamos. Os gobernos de todo o mundo apresúranse á hora de desmantelar os servizos públicos que con tanto esforzo conquistáronse a través da mobilización. Estes recortes tratan de lograr os fondos suficientes cos que pagar a débeda orixinada pola entrega de centos de miles de millóns de euros nos últimos anos á banca privada. En países como Grecia, esta política está significando o afundimento das condicións de vida da maioría da poboación e a privatización completa de todos os servizos sociais para manter os beneficios obscenos da banca europea.

Somos máis, somos fortes e podemos gañar! A loita en defensa do ensino público continúa

Ante unha ofensiva tan salvaxe contra a educación pública, a resposta non se fixo esperar. Desde os primeiros días de setembro, docentes e estudantes organizámonos para dar resposta a todos os recortes educativos aprobados pola dereita, tanto polo PP como por CIU (Madrid, Galiza, Castilla - La Mancha, Valencia, Catalunya), e, noutros casos, por gobernos nos que participa ou dirixe o PSOE (Navarra, Andalucía). O pasado 6 de Outubro foi a primeira ocasión na que se produciu unha resposta de ámbito estatal coa convocatoria realizada polo Sindicato de Estudiantes de Folga Xeral no ensino secundario. Naquela xornada logramos baleirar as aulas dos institutos públicos de todo o Estado e

máis de 100.000 estudantes tomamos as rúas en 50 manifestacións, demostrando novamente a disposición da mocidade á loita.

Todas as condicións están maduras para estender a mobilización, darlle maior contundencia e lograr que este ataque ó ensino público sexa derrotado. Desde o Sindicato de Estudantes esiximos ás direccións dos sindicatos de profesores que se unifique a loita, que se organice unha folga xeral de toda a comunidade educativa no conxunto do Estado.

Para fortalecer esta resposta unificada, o próximo día 17 de novembro o conxunto da comunidade educativa organizará unha nova xornada de mobilizacións. En Catalunya serán os traballadores e estudantes das universidades públicas e os estudantes de secundaria os que protagonicen unha nova folga xeral contra os recortes. En Madrid, docentes, pais e nais, e estudantes volverán á folga contra a política de despedimentos e privatización do ensino público defendida polo goberno de Esperanza Aguirre. En Valencia, tamén se celebrarán mobilizacións contra os recortes orzamentarios na universidade e o ensino secundario. En Andalucía, a mobilización estudantil terá como eixo a loita contra a nova Lei Andaluza de Universidades, aprobada polo goberno do PSOE, e que pretende un profundizamento inda máis decidido no proceso de privatización do ensino.

Desde o Sindicato de Estudantes chamamos ó estudantado de todo o Estado a converter o día 17 de Novembro nunha Xornada en Defensa do Ensino Público. Para ese día propomos organizar folgas, paros, concentracións e manifestacións nos centros de estudo e nas cidades de todas as Comunidades Autónomas, e manifestar o noso rexeitamento contundente a esta agresión ós nosos dereitos. Desde o Sindicato de Estudantes propomos a todas as organizacións xuvenís e estudantis de esquerdas, e a todos aqueles que participamos no 15-M, participar, estender e confluír nesta xornada de mobilización estatal.

Como parte da mobilización necesitamos organizar Comités de Loita en defensa do ensino público en cada facultade e en cada instituto, realizar asembleas masivas, garantir a participación do maior número posible de estudantes e animar ó desenvolvemento de todo tipo de iniciativas que axuden a fortalecer a loita. Xunto a isto, outra das tarefas fundamentais para cimentar o éxito da nosa mobilización é estender ó conxunto da sociedade as nosas reivindicacións, gañando a simpatía activa da clase obreira que son os nosos pais e nais: as nosas familias. Esa foi unha das leccións do movemento estudantil en Chile, que grazas á súa capacidade para conectar co movemento obreiro gañounos á súa causa e deulle un carácter masivo.

Todos á mobilización o 17 de novembro! Enchamos as rúas en defensa do ensino público!

1. Readmisión inmediata do profesorado interino despedido nos últimos cursos.

2. Incremento drástico e inmediato do investimento na escola pública. Para garantir a calidade do ensino público con medios materiais e humanos suficientes en todos os seus tramos é necesario alcanzar o 7% do PIB.

3. Non ós ataque á Universidade pública. Fora a Normativa de Permanencia da USC, basta de multas a quen repite unha materia e de privatización da universidade.

4. Nin un só non admitido en FP. Cada ano son miles os estudantes que quedan sen praza nos ciclos que queren estudar por non haber unha oferta pública suficiente, tanto en Ciclo Medio como en Ciclo Superior. É necesario crear tantas prazas como demanda exista.

5. Non á masificación. Contratación do profesorado necesario para que as aulas da ESO non teñan máis de 25 alumnos por clase e os de Bacharelato un máximo de 30.

6. Contratación do persoal de apoio suficiente. Contratación de psicólogos, pedagogos e persoal de apoio e orien-

tación necesario para garantir os reforzos precisos e axudar ó estudantado con máis dificultades.

7. Basta de recortes en Universidade, Escolas Oficiais de Idiomas, na educación Primaria e na Infantil. Pola dignificación de todos os tramos educativos públicos.

8. Nin un euro do diñeiro público á escola privada. Fin da política de subvencións con diñeiro público para aqueles que entenden a educación como un negocio. É necesario por fin ás exencións fiscais que benefician ás familias que escolarizan ós seus fillos nestes centros.

9. Recoñecemento de todos os nosos dereitos democráticos. Ningunha sanción ou represalia por exercer o noso dereito a Folga. Polo recoñecemento do dereito a asemblea en hora lectiva en Secundaria, como xa sucede en Andalucía e Extremadura.

10. Fóra a relixión das aulas, en defensa do ensino público laico. O estudantado non necesitamos que as aulas utilícese como púlpito para gañar novos adeptos. O que necesitamos son desdobres de idiomas, laboratorios, bibliotecas ben dotadas e profesorado suficiente.

Visita a nosa web para coñecer as accións que vanse realizar o día 17 en Galiza

www.sindicatodeestudiantes.net

Coruña: 627 704 195 • Ferrol: 678 42 08 88 • Santiago: Rúa Casas Reais nº 8 1er piso
Tif: 981 563 100 ext. 12867 / 636 217 248 • Vigo: 628 001 270

galiza / santiago / vigo @sindicatodeestudiantes.net